

Unidade 5: Queres vir comigo?

Unidade 5, exercicio 1, parte B

- ringh-ringh
- Si?
- Ola, que tal?
- Ai, ola, Roberto! Que pasou?
- Mira, chamábate porque teño unhas entradas para “A piragua”. No traballo déronme catro e quizais che gustaría ir ver a obra.
- Home, se mo comentases antes... é que xa vou ir a un concerto con toda a tropa e non quero deixalos colgados.
- Pero iso a que hora é?
- Teño que estar como moi tarde ás oito no despacho de billetes, e antes inda quedamos para tomar algo...
- Pois que mágoa, imposible combinar as dúas cousas, pero tampouco tiven máis tempo para te avisar.
- Xa me imaxino... Para outra vez a ver se conseguimos quedar.
- Si, a ver se te podo avisar con tempo.
- Ata logo! E grazas por te lembrares de min!
- Deica!

- Paula!
- Que? que nos van berrar por falar na clase.
- Boh!
- Que cales, que nos botan da clase...
- Escoita, ou! Recibiches o correo do Albaroque?
- Mimá! Recibín seis ou sete correos desa cea.
- E vas ir?
- Eu que sei, tamén quería ir ao concerto de Mercedes Peón.
- É verdade, cando é?
- O mesmo día, e o cd novo está moi ben.
- Xa, a min tamén me mola, pero é imposible ir a todo.
- Iso xa o sei, a que hora é o do Albaroque?
- Non sei, pero non che apetece vir comigo?
- Ti vas seguro?
- Eu, se ti vas, si.
- Daquela vou, porque para ir só a un concerto prefiro cear cos colegas.
- Pois hai que apuntarse xa porque...
- Queren calar vostedes dunha vez!!!!

- Para a semana vai haber un festivo, podemos organizar algo.
- Xa tes algo pensado?
- Non, pero podemos consultar a web de cultura a ver que hai.
- Pois mira entón. A ver... espera un intre... apetéceche ir escoitar un concerto de Mercedes Peón?
- Ufff, non sei, que máis hai?
- Pois... pois pois... gustaríache ir ver “A piragua”? Ánxela foi e gustoulle moito.
- Non está mal, hai algo máis?
- Mmmm, chegouche o correo do Albaroque?
- Non, non me chegou. De que vai iso?
- É unha cea polo Día das Letras.
- A ti que che apetece facer?
- Eu estou entre “A piragua” e o Albaroque.
- Queres ir ao Albaroque, entón?
- Veña, pois vai, espera que lles mando un correo e apuntámonos.

Unidade 5, exercicio 4, parte B
--

- E os números premiados no sorteo da Lotaría Primitiva foron: 4-11-19-28-30-47. O complementario foi o 14 e o reintegro o 2. Moita sorte!
- Que mala sorte! Non acertei ningún, nin tan sequera o reintegro!

- Mamá, marchó, vou dar unha volta na bici.
- Diso nada, ata que recollas o teu cuarto ti non te moves da casa. Queda claro?
- Si mamá.

- A ver oh! Acabas dunha vez? Levas unha hora aí dentro!
- Xa vou!

- E as patacas, como as queres? Fritas ou cachelos?
- Tanto me ten, como prefiras.

- E como non viñestes ao cine?
- Pois... cando chegamos, xa non quedaban entradas.
- Que pena! Estivo tan ben...

- Oíches? Hoxe escoitei na radio que a bolsa da compra subiu un 15%!
- Éche o que hai, os soldos mantéñense pero o resto... todo é máis caro.

- Viches no xornal que vai haber unha exposición do teu pintor favorito?
- De Laxeiro?!
- Siiiiii!!
- Que ben! Coa ilusión que me fai!

- Ai! Que non me lembraba de dicirche. O teu coche ten un faro traseiro escachado.
- Que? Non me digas?
- Pois si, vino agora mesmo no garaxe.

Unidade 5, exercicio 10

pelaxe
seno
xoga
paraxe
sesta
voso
rosa
axustar
raso
coxo
serra
xuízo
forraxe
lixo
pesa
fax
cosa

Unidade 5, exercicio 12, parte B

O primeiro día despois de clase aproveitei para coñecer un pouco a vila con Xoán, o meu compañeiro de cuarto, e para dar un paseo tranquilamente preto do mar. Despois eu fun ao obradoiro de teatro porque é unha das miñas afeccións preferidas, pero Xoán preferiu ir ao de artesanía porque el é un pouco máis tímido e non lle gusta actuar diante do resto de compañeiros xa o primeiro día. Pola noite en cambio volvemos coincidir, os dous o tiñamos moi claro! E acertamos, a charla sobre reciclaxe e produtos ecolóxicos gustounos moito. O profesor que a daba era moi ameno e sabía moito sobre o tema.

O segundo día en cambio a cousa foi sobre o mar! Eliximos primeiro a clase de mergullo e logo a charla sobre peixes e artes de pesca. Encantounos a experiencia do submarinismo porque ningún dos dous o fixera nunca. E para rematar o día fomos ao cinefórum de curtametraxes porque estábamos moi cansos para unha charla.

E logo de tanta actividade... aínda quedaba un día máis! Desta volta non fomos á praia a practicar deportes acuáticos e preferimos colaborar un pouco na clasificación dos refugalloos que recollemos durante a mañá na limpeza da praia. Iso si, despois tamén nos divertimos bailando co resto de compañeiros e aprendendo tradicións doutras culturas. E para seguir co baile... non podía faltar un pouco de música galega! Estivo xenial a última charla, sobre todo porque nos regalaron un disco a cada un.

Unidade 5, exercicio 15, parte A

Son un pouco aventureira! Unha das cousas que máis me gustan é coñecer países novos, cunha cultura e cuns costumes diferentes. Sempre que podo fago algunha viaxe cun amigo. Estas últimas vacacións coñecín Portugal e aproveitei para practicar portugués na casa dunha rapaza que coñecín. Encántame viaxar!

No verán prefiro ir á praia para nadar. Ademais, gústame máis o mar ca a piscina. O verán pasado estiven na Ría de Vigo e fixen un curso de natación. Como me gustou!

A fin de semana pasada fixen un traballo dunhas exposicións de pintura. Antes visitar museos non me gustaba nadiña e odiaba a pintura. Cando estudaba no Instituto fun a clases particulares de debuxo porque non conseguín aprobar esta materia. En cambio agora, pinto un pouco case todos os días.

Nunca fun unha boa bailarina! Durante un tempo fun a clases de baile tradicional a unha escola de música pero nunca bailei ben. Non sei porque non son capaz de bailar nin tocar instrumentos porque sempre me encantou a música de todo tipo. Hai un par de meses merquei un piano, pero... por moito que o intentei só conseguín aprender unhas cantas notas!

Este ano fixen deporte case todos os días. As fins de semana practiquei un pouco de tenis cunhas amigas e durante a semana quedei todos os luns para xogar ao baloncesto. Si! A verdade é que podo dicir que estou feita unha deportista!

Sempre fun unha boa lectora. Intento ler un libro cada semana. Antes os que máis me gustaban eran as novelas de aventuras, pero ultimamente prefiro as de misterio. Nunha que estou a ler agora o protagonista é un home lobo.

Unidade 6, exercicio 7

- Que ben que chegas cedo! Polo de agora inda somos poucos, pero seguro que despois chegarán o resto dos convidados. Mira, esta é Belén, a miña compañeira de piso.
- Que tal?
- Home, por fin nos coñecemos! Antía fala tanto de ti...
- Pois espero que ben! Que con esta Antía nunca se sabe!
- E a ver que che fago un plano do resto dos invitados. Esas tres de aí son as miñas compañeiras de traballo. A loura de pelo liso é Ana, a baixiña Rosa e a outra morena Helena.
- Si, a Helena xa a coñezo.
- É verdade, non me decatava. Ben, sigo, aquel rapaz que está só, o de pelo curto delgadiño, que parece tímido, aquel é Tomé. É o veciño do lado, inviteino para que non protestara pola festa.
- Mira ti que lista me es!
- Entón, pois só quedan os dous de sempre... Aqueles son o meu irmán Xosé, o que está a rir, e o outro, o rubio, é o Ramón. Non hai quen os separe!